




Deputación
Pontevedra

Nº 5



FORO DE INICIATIVAS LOCAIS

Innovación para o desenvolvemento
empresarial e do emprego



MARÍN

- MAIO DE 2013 -

www.depo.es



Equipo G4plus de Análisis,
Diagnóstico y Diseño Estratégico
Universidade de Vigo

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo integrado por: Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín

Índice

1.	PRÓLOGO	4
2.	INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO	5
3.	INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE MARÍN	8
A.	Principais recursos infraestruturais do Concello de Marín	8
•	Infraestruturas de Comunicación:.....	9
•	Infraestruturas Empresariais:.....	9
•	Infraestrutura Portuaria	10
•	Infraestruturas Sanitarias e Educativas.....	11
•	Outras infraestruturas do Concello de Marín	12
B.	Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.....	13
•	Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Marín	13
•	Caracterización Social do Concello de Marín	14
C.	Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Marín	18
•	Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Marín.....	18
•	Asociacionismo e cooperación empresarial en Marín:	27
D.	Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación	28
4.	PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE MARÍN	29
A.	Principais datos sobre o emprendemento en Galicia	29
B.	Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Marín	31
5.	SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE MARÍN.....	34
A.	Síntese das entrevistas realizadas.....	34
B.	Cadro resumo.....	39

ANEXOS:

- I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Marín
- II. Temática orientativa das entrevistas realizadas

1. PRÓLOGO

A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excma. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundizar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a posta en marcha de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.



D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

2. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a introdución de elementos innovadores xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e competitividade empresarial, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.

Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as iniciativas de

desenvolvemento local, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxeos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.


Así, a través da identificación dos recursos e capacidades da área local de Marín, a posta en marcha deste Foro de Iniciativas Locais pretende xerar un espazo de dinamización e participación a nivel local, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.



Así mesmo, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais complementarase coa articulación doutros, noutras localidades da Provincia de Pontevedra de entre 13.000 e 40.000 habitantes, para acadar unha maior continuidade da iniciativa e unha maior repercusión dos seus obxectivos.

Polo que respecta ás fases seguidas para a estruturación e organización xeral dos Foros de Iniciativas Locais, seguiuuse o esquema ilustrado na Figura 1, de tal xeito que nun primeiro momento elaboráronse os contidos correspondentes ó informe previo, cuxa información cuantitativa empregada elaborouse cos datos dispoñibles a data de novembro de 2012.

Figura 1
Fases do proxecto



Fonte: Elaboración propia


En canto á segunda fase aquí reflectida, a correspondente ás entrevistas, en cada municipio seleccionado contou-se coas opinións tanto da Administración Pública Local, como de representantes do tecido empresarial da zona cunha ampla experiencia emprendedora, mediante a realización dunha serie de entrevistas estruturadas. Así, no caso de Marín, entrevistouse directamente ós seguintes axentes:

Entidade	Persoa
Concelleiro de Medio Rural, Novas Tecnoloxías e empresa	D. José Ramiro Gestido
Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Marín	D. Alfredo Montero
O Percebeiro SL	D. Manuel Otero
Ludoteca a Illa dos Nenos	Dna. Marina López
Cash Baby	Dna: María Vilas
Bambú Centro Hidro - Linfa	Dna. Luz

Polo que concirne á estrutura destas entrevistas, deseñáronse dous modelos: un destinado ós axentes da Administración Pública Local, e o outro ós emprendedores de cada

territorio (ver Figura 2). Ambos modelos perseguen a finalidade de obter unha visión xeral das actividades idóneas para cada área xeográfica en función das súas potencialidades, a máis de tentar achegar a idea de cáles son as principais barreiras e facilitadores ó emprendemento que detectan estes axentes. Finalmente, considerouse oportuno incluír un último apartado vinculado á pregunta , de que pode facer a Administración Pública nestes momentos para apoiar e potenciar o emprendemento nos territorios locais. Deste xeito con toda a información recollida a través destas entrevistas, elaborouse un informe final específico para cada municipio obxecto da iniciativa.

Figura 2
Temática orientativa das entrevistas



Finalmente, unha vez realizadas todas as entrevistas propostas e elaborados os informes correspondentes a cada localidade, elaborárase un último informe, de conclusións sintéticas, que recollerá de forma resumida as principais conclusións derivadas de todo o proxecto.

3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE MARÍN

A. Principais recursos infraestruturais do Concello de Marín

A **localidade de Marín** sitúase na costa da Provincia de Pontevedra, colindando coa capital da provincia, tal e como se amosa no mapa posterior. Segundo o Instituto Galego de Estatística Marín conta cunha extensión de **36,7 km²** e pertence á comarca do Morrazo, á que tamén pertencen os municipios de Bueu, Cangas e Moaña. Esta comarca ten unha superficie aproximada de 140,7 Km² e a súa poboación ascende a uns 83.313 habitantes, dos que máis do 30% pertencen ó concello de Marín.



Marín conta polo tanto cunha ubicación estratéxica, lindeiro co Concello de Pontevedra e a menos dunha hora de grandes núcleos de poboación galegos como son Vigo e Santiago de Compostela. Ademais Marín conta cun Porto de Interese Estatal, xestionado pola autoridade Portuaria de Marín, e sitúase a apenas media hora doutros dous portos como son o de Vigo e o de Vilagarcía de Arousa, tamén a menos dunha hora atoparíanse os aeroportos de Santiago de Compostela e de Vigo, importantes nodos para o transporte de viaxeiros e de mercadorías.

Á hora de falar das infraestruturas que posúe o municipio de Marín, dividíranse estas en: Infraestruturas de comunicación, Infraestruturas empresariais, infraestrutura portuaria e Infraestruturas Sanitarias e Educativas.

- ***Infraestruturas de Comunicación:***

Polo que se refire ás infraestruturas de acceso á localidade, Marín a través da autopista AP-9 que vertebra o eixo Atlántico unindo A Coruña con Vigo e estando polo tanto Marín comunicado con toda a rede de autopistas e autovías do Estado. A máis, Marín está comunicada diariamente con outros puntos da provincia de Pontevedra e de Galicia a través do servizo de autobuses que conta cunha ampla frecuencia horaria. Por ferrocarril, a estación máis próxima é a de Pontevedra, a menos de 10 minutos en coche.

Por outra banda, chegar Marín a través do avión tamén é relativamente fácil, pois esta vila atópase a 30 minutos aproximadamente do Aeroporto de Vigo, e a 45 minutos do de Santiago de Compostela.

- ***Infraestruturas Empresariais:***

No tocante ás infraestruturas empresariais o Concello de Marín non conta cun parque empresarial ou polígono propio, se ben cumpre sinalar que si existen infraestruturas deste tipo nun ámbito moi próximo. Así , por exemplo dentro da comarca do Morrazo o municipio de Bueu, alberga un parque empresarial, o Parque Empresarial de Castiñeiras, que ocupa unha extensión de 129.954 metros cadrados dos que 74.611 son de uso industrial e empresarial. Na actualidade son 21 as empresas que están alí implantadas, principalmente de sectores como o naval, o da construción ou o transporte.

No tocante ós accesos a este polígono, este faise pola estrada autonómica PO-315, sendo o porto máis próximo o propio porto de Marín a 13 Km. A terminal de carga máis próxima está a 22 Km. en Pontevedra.

A máis desta área empresarial, tampouco se pode esquecer a proximidade de Marín, ó municipio de Pontevedra, onde se atopa o polígono de O Campiño, que conta cunha superficie total de 343.291 m², estando construídos 277.895 m², repartidos en 87 parcelas todas elas ocupadas, e no que existe unha previsión de ampliación de 500.000 m².

Neste mesmo ámbito, tampouco se pode deixar de mencionar o feito de que existe un proxecto de creación dun parque empresarial en terreos dos concellos de Marín e Moaña,

incluído pola Xunta de Galicia dentro do seu Plan de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia.

Finalmente, compre sinalar a existencia de dous viveiros empresariais a menos de 15 minutos de Marín, situados no Concello de Pontevedra. Estes son os pertencentes á Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra e á Asociación de Xoves Empresarios de Pontevedra.

- ***Infraestrutura Portuaria***

Á hora de falar das infraestruturas que posúe Marín, non se pode deixar de mencionar o seu porto, que é un dos cinco portos galegos de interese estatal, e como tal está xestionado por unha autoridade portuaria. Así, o recinto portuario converteuse nun gran foco de actividade dentro do propio concello, e nel sitúanse un gran número de empresas.

En canto as principais cifras manexadas por este porto, estas son as que se amosan na Táboa 1.

Táboa 1
Principais magnitudes do Porto de Marín, 2011

BUQUES											
ESPAÑÓIS				EXTRANXEIROS				TOTAIS			
Nº	116	GT	305.796	Nº	475	GT	3.305.593	Nº	591	GT	3.611.389
TRÁFICO DE MERCANCÍAS (T)											
MERCANCÍA			EMBARCADAS		DESEMBARCADAS		TOTAL				
Graneis Líquidos			0		0		0				
Graneis Sólidos			216		853.342		853.558				
Mercancía Xeral			648.001		310.865		958.866				
TOTAL			648.217		1.164.207		1.812.424				
Contenedores			198.132		133.382		331.514				
Pesca Fresca			2.032		Pesca Conxelada		29				
PRINCIPAIS MERCANCÍAS											
GRUPO		TIPO							CANTIDADE (T)		
Agro gandeiro e alimentario		Cereais e a súa fariña, froitas, hortalizas, penso, forraxes, peixe conxelado, conservas, aceites e outros produtos alimentarios.							988.244		
Outras mercancías		Papel e pasta, madeira, corcho, sal común e outras mercancías							509.826		
Siderúrxico		Chatarras de ferro e outros produtos siderúrxicos							131.106		
PRINCIPAIS PAÍSES DE COMERCIO											
PAÍS			EMBARCADAS		DESEMBARCADAS		TOTAL				
España			119.142		88.336		207.478				
Países Baixos			127.486		67.541		195.027				
Arxentina			3.723		182.045		185.768				
Francia			2.524		134.370		136.894				
Alemaña			86.267		45.759		132.026				

Fonte: Elaboración propia en base á memoria 2012 da Autoridade Portuaria de Marín.

- **Infraestruturas Sanitarias e Educativas**

Centrándose nas infraestruturas sanitarias, en Marín existen dous centros de saúde e un consultorio no lugar de Seixo, nos que segundo o IGE no ano 2012, prestaban servizos 77 persoas, dos cales 30 eran médicos de medicina xeral e 4 pediatras. Tamén é de destacar o feito de que no propio Concello de Marín existe unha residencia da terceira idade que completa a oferta de benestar da localidade.

Por outra banda, en canto os centros educativos, en Marín existen un total de 13 centros, dos cales 2 son Escolas de Ensinanzas Infantís (EEI), 5 son Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e 3 son Institutos de Ensinanza Secundaria (IES) onde ademais se poden cursar ensinanzas postobrigatorias (bacharelato e FP). Existen ademais un centro educativo onde é posible cursar ensinanzas dende infantil a secundaria e un centro dedicado a alumnos que precisas de Educación Especial.

Polo que respecta ó número de alumnos matriculados nestes centros, segundo se amosa na Táboa 2, son 3.606 os alumnos que cursan estudos no municipio de Marín pertencendo a maioría deles á educación primaria e secundaria obrigatoria.

Táboa 2
Alumnos matriculados segundo tipo de ensinanza. Curso 2011/2012

Tipo de Ensinanza	Número
Educación infantil	699
Educación primaria	1.347
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	878
Bacharelato ordinario	291
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	154
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	100
Programas de cualificación profesional inicial	36
Ciclos Formativos de Grao Medio adultos	48
Ciclos Formativos de Grao Superior adultos	1
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	43
Educación Especial	9
TOTAL	3.606

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto á oferta de Formación Profesional (FP) existente nos centros da vila de Marín s onde se imparten estas ensinanzas, son os que se amosan na Táboa 3

Táboa 3
Ensinanzas de FP no Concello de Marín

Grao Medio	Grao Superior
Xestión Administrativa	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
Comercio	Xestión Comercial e Márketing
Sistemas microinformáticos e redes	Administración de sistemas informáticos en rede
Instalacións frigoríficas e de climatización	

Finalmente, tamén compre mencionar no eido dos estudos superiores a posibilidade de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao, posgrao e doutorado nun entorno próximo en institucións como é a Universidade de Vigo, a través por exemplo do seu Campus de Pontevedra. Neste senso, é moi importante sinalar o feito de que dentro do propio municipio de Marín, nas instalacións da Escola Naval Militar, se atopa o Centro Universitario de Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo dende o ano 2010 e onde se imparte o Grado en Enxería Mecánica, con intensificación nas tecnoloxías navais.

- ***Outras infraestruturas do Concello de Marín***

Finalmente, á hora de realizar unha análise das infraestruturas que posúe o Concello de Marín, non se poden esquecer as infraestruturas de tipo máis lúdico deportivo, ou culturais como poden ser as bibliotecas, das que Marín posúe unha pública.

Do mesmo xeito no eido deportivo, este municipio conta cun complexo polideportivo, , dous pavillóns polideportivos, once pistas polideportivas, cinco polideportivos cubertos e tres terreos de xogo. Sen embargo, entre as instalacións deportivas que posúe este concello sobresaen as pertencentes ó porto deportivo de Aguete, que conta con dous peiraos flotantes de 100m de lonxitude, surtidores de combustible, enerxía eléctrica a pé de auga, garaxe de embarcacións, grúa e un edificio social xestionado polo Real Club de Mar de Aguete, con servizo de cafetería e restaurante, sala de TV e de xogos e sala de reunións.

Tamén no eido social Marín conta con recursos infraestruturais de tipo cultural e social, pois alberga dúas casas da cultura, un centro cívico social e un museo a máis dunha ampla rede de parques e xardíns.

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.

• *Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Marín*

Polo que respecta ós principais elementos de interese histórico – cultural do Concello de Marín, destaca a presenza da Escola Naval Militar, que denota a importancia que a vila tivo dende o pasado. Esta escola foi proxectada polo arquitecto Antonio de Cominges e construída no ano 1943. Nas súas instalacións adoita recalar como mínimo unha vez ó ano o buque escola “Juan Sebastián Elcano”.

Deixando ó marxe a influencia militar no municipio e centrándose nos elementos históricos máis destacables de Marín é importante sinalar a abundante existencia de monumentos megalíticos e de arte rupestre. Así, entre os primeiros destacan pola súa importancia os Dolmes de Chan de Armada e de Chan de Castiñeiras e entre os segundos os petróglifos situados no lugar de Mogor.

En canto á arquitectura relixiosa, a máis dos múltiples cruceiros que se poden atopar ó logo de todo o termo municipal, destacan a igrexa románica de Santo Tomé de Piñeiro e a de Santa María do Campo, ademais da Capela de Ardán. Por outro lado, tamén existen en Marín, varios pazos ou casas de avoengo, que dan fe da arquitectura pacega galega. Entre estes pazos o mellor conservado é o denominado como Pazo do Cadro, o máis antigo de Marín, que actualmente continúa a ser de propiedade privada. Destacan tamén outros pazos como o Pazo de Chirleu ou o de San Brais de Aguite.

En relación coas zonas verdes de ocio e esparexemento, destaca en Marín a zona de recreo e miradoiro do Lago de Castiñeiras, compartida co veciño municipio de Vilaboa, e que conta cunha extensa área recreativa, un centro de recuperación de fauna silvestre, unha aula da natureza, un parque e un coto de pesca. Ademais a apertura en Marín do primeiro ecoparque de Galicia é unha boa opción para disfrutar do turismo de aventura, a través de 60 xogos distribuídos ó longo de seis roteiros. Neste senso, tampouco se pode esquecer a presenza na comarca do Morrazo dun dos enclaves pertencentes ó Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas, constituído polo arquipélago das Ons, ás que se pode chegar en barco dende o veciño Concello de Bueu.

No campo etnográfico, nesta vila atópase o Museo Municipal “Manuel Torres”, onde ademais dunha exposición permanente das obras do propio pintor marinense, tamén se realizan exposicións temporais doutros artistas.


Finalmente, polo que respecta ós festexos locais e como parte da gran tradición mariñeira da vila, os máis importantes eventos son as festas de San Miguel en setembro, coa súa tradicional Danza das Espadas, declarada como de Interese Turístico Galego e as

celebradas na honra da Virxe do Carme no mes de xullo, existindo tamén festas de tipo gastronómico como poden ser a Festa da cigala celebrada no mesmo mes, ou a festa da sidra e da mazá que ten lugar no mes de outubro.

- ***Caracterización Social do Concello de Marín***

A localidade de Marín conta segundo o censo do ano 2011 con 25.864 habitantes. De entre esta poboación segundo o Anuario Socioeconómico de Caja España, o 4,5% son estranxeiros, pertencendo a gran maioría deles a África, a Unión Europea e América Latina. No tocante a cómo evolucionou a poboación nos últimos anos, cumpre dicir, que segundo o que se amosa na Figura 3, dende o ano 2005 ata o 2008 a poboación deste concello seguiu unha tendencia decrecente, e salvo un lixeiro crecemento poboacional nos anos 2009 e 2010, dende o inicio do período analizado ata a actualidade este concello afrontou a perda de ó redor do 0,9% da súa poboación.


Figura 3
Evolución da poboación 2005-2011



Fonte: Anuario 2012 La Caixa

En canto á distribución da poboación no territorio, segundo os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, esta sitúase nos 704,7 habitantes por km², unha densidade bastante superior á media galega que se sitúa nos 94 habitantes por km² e tamén por debaixo da media provincial, que rodea os 200 habitantes por km². É importante resaltar o feito de que a densidade poboacional de Marín, diminuíu paulatinamente dende o ano 2006 cando se situaba en torno ós 713 habitantes por km².


Figura 4
Evolución da densidade de poboación 1998-2011



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Polo que respecta á estrutura da poboación no municipio de Marín, segundo o que se pode observar na pirámide representada na Figura 5, esta é unha pirámide regresiva, é dicir, cunha base máis estreita có centro e cunha cima relativamente ancha. Esta forma ven a indicar un descenso da natalidade nos últimos anos, o que pode levar a un envellecemento da poboación municipal nas próximas décadas, feito que se confirma cando se analiza o índice de remprazo poboacional que se sitúa no 0,88 (poboación menor de 16/ poboación maior de 65) e indica que a poboación municipal non ten asegurado o remprazo xeracional. Se ben é importante sinalar que a situación de Marín está mellor que o caso xeral de Galicia, onde o índice de remprazo se sitúa en torno ó 0.50.

Figura 5
Estrutura da poboación 2011



Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Segundo cos indicadores demográficos do municipio de Marín na Táboa 4, pódense observar os principais indicadores e a súa evolución. Así, en canto ó numero de nacementos estes mantéñense máis ou menos estables no período obxecto de análise, se ben cumpre mencionar que nos últimos anos se observa unha lixeira tendencia negativa. De igual xeito o número de defuncións non segue unha pauta estable, producíndose fluctuacións. Así e todo, o crecemento vexetativo do municipio de Marín presenta cifras positivas, durante todo o período analizado aínda que en menor medida cara o final do mesmo.


Táboa 4
Taxas demográficas 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
Nacementos	250	252	255	231	244
Defuncións	216	201	208	216	230
Crecemento Vexetativo	34	51	47	15	14

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España-2012

Centrándose nas cifras de poboación activa, Marín posúe 17.488 persoas que se sitúan nos tramos de idade entre 16 e 64 anos (67,6%), destas segundo o anuario socioeconómico 2012 La Caixa con data do 31 de marzo do ano 2011, preto dun 14% desta poboación activa estaba en paro. Estes datos, como se pode comprobar na Figura 6, sitúan ó municipio de Marín na media provincial e autonómica.


Figura 6
Evolución do paro sobre a poboación activa, 2005-2011



Fonte: Anuario Socioeconómico La Caixa 2012


No tocante a cómo afecta o paro ós diferentes sexos son as mulleres as que presentan unha maior porcentaxe de paro cun 14,7%. Mentres que por grandes grupos de idade o paro afecta claramente máis a aqueles entre os 25 e os 49 anos. (16,1%). Estas mesmas conclusións pódense obter ó analizar os datos provinciais e autonómicos da Figura 7.

Figura 7
Porcentaxe de Paro rexistrado por sexos e grandes grupos de idade 2011



Fonte:Elaboración propia a partir do anuario Socioeconómico La Caixa 2012

Pese a isto, segundo os datos máis actualizados dos que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE),a data de abril de 2013 as persoas en situación de desemprego no municipio de Marín ascenden a 2.802 o que supón o 16,37% da poboación potencialmente activa. Por sectores, e segundo se amosa na Figura 8, o sector que rexistra un maior número de parados é o de servizos con 1.641 persoas, mentres que pola contra o sector da agricultura é o que rexistra menos paro neste concello.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Marín

- *Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Marín*

Centrándose na caracterización económica do Concello de Marín o primeiro dato que se analiza é o número de empresas que alí se asentán. Así, no ano 2011 segundo o IGE un total de 1.324 empresas tiñan actividade en Marín. Destas segundo se pode comprobar na Figura 9, máis da metade (59%) eran empresas sen asalariados e o 23% só posúen entre 1 e 2 persoas asalariadas. Estas cifras, moi en consonancia coas galegas, denotan a importancia que as pemes e micropemes teñen dentro da economía local (para ver a evolución das cifras consultar a táboa 1 do Anexo II).



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que concirne á cómo evolucionou ata o momento o censo empresarial do municipio de Marín, tal e como se aprecia na Táboa 5 obsérvase que dende o ano 2004, o número de empresas que decide iniciar a súa actividade descendeu preto dun 14%, observándose un descenso máis pronunciado entre os anos 2008 e 2010. Paralelamente, tamén se produce un notable incremento do número de empresas que decide pechar. Feitos ambos que levan parellos a redución do número de empresas ubicadas no municipio, así como a destrución de postos de emprego.


Táboa 5
Evolución do censo empresarial 2004-2010

	2004	2006	2008	2010	Var. 04/10
Alta	142	160	153	123	-13,38%
Permanencia	1.180	1.222	1.278	1.237	4,83%
Baixa	70	120	128	184	162,86%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto ó sector empresarial con máis peso no municipio de Marín, segundo se pode comprobar na Figura 10, este é claramente o sector servizos, que representa un 78% do total de empresas da localidade. Por outra banda, no relativo a fórmula xurídica preferida polas empresas de Marín, máis da metade realizan a súa actividade como persoas físicas, mentres que case un 30% opera baixo unha sociedade limitada.

Figura 10
Proporción de empresas segundo Condición Xurídica e sector de actividade, 2011




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na Figura 11 e na Figura 12 amósanse as principais magnitudes económicas segundo a cadea empresarial á que pertencen (información completada no anexo). Cumpre sinalar que para a elaboración da citada táboa, empregouse como fonte a base de datos de Sistemas de Análise de Balances Ibéricos (SABI), onde só figuran aquelas empresas que teñen a obriga contable de presentar as súas contas no rexistro mercantil. Do mesmo xeito, tamén é importante ter en conta que as empresas que se analizan a continuación son as que teñen a súa sede fiscal e social no propio municipio, de tal forma que pode darse o caso de que existan empresas que desenvolvan a súa actividade con regularidade no municipio (como por exemplo franquías, ou cadeas de supermercados) que non se contemplan na análise. Do mesmo xeito, tamén é importante matizar o feito de que tampouco se teñen en conta os empresarios

autónomos, dado que estes non están obrigados a presentar as súas contas no rexistro mercantil.

Tendo en conta o anterior, teranse en consideración 438 empresas rexistradas no municipio de Marín, que moven anualmente preto de 766 millóns de Euros, xerando 172 millóns de Euros de Valor Engadido Bruto e empregando a 2.400 persoas. Así, a cadea que presenta unha maior actividade, é a referida á Construción e Promoción Inmobiliaria, que agrupa ó 30,37% do número total de empresas (438) empregando a 250 persoas (10,42% do total). As empresas que forman esta cadea, facturan en torno ós 28 millóns de euros (tan só o 3,72% do total), o que supón unha facturación media de 214.000 euros, cunha capacidade de xerar un Valor Engadido Bruto (VEB)¹ de máis de 14 millóns e medio de euros.

Figura 11
Porcentaxe de empresas e facturación segundo a cadea empresarial, 2010




*NOTA: O comercio específico de cada cadea empresarial inclúese dentro da propia cadea. Por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura. De xeito xeral, a base de datos SABI ten rexistradas 157 empresas en Marín que realizan a súa actividade dentro dos CNAE 46 e 47 de Comercio ó por maior e ó por menor.

^NEnténdese por Valor Engadido Bruto (VEB) o valor engadido xerado polo conxunto de produtores/empresas dun territorio, recollendo os valores que se engaden ós bens e servizos nas diferentes etapas do proceso produtivo. É dicir, mide a riqueza xerada polo sistema empresarial dun territorio.

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Sen embargo, a cadea con maior transcendencia por volume de facturación é a de Pesca e Produtos Transformados do Mar. Esta cadea que representa o 16,67% das empresas da vila (73), factura o 43,17% e xera un valor engadido de 53 millóns de euros. Este dato amosa a fortaleza que esta cadea presenta na vila, pois cun menor número de empresas é capaz de xerar maiores rendementos e empregar á case o triplo de persoas. Así a facturación media destas empresas é de aproximadamente 4.524.410 euros, cifra claramente superior a rexistrada para as empresas da cadea da Construción e Promoción Inmobiliaria. A máis cumpre sinalar que entre as 20 empresas que máis facturan do concello de Marín, 8 son empresas asociadas á pesca e produtos transformados do mar, a través de empresas como Pesca Rosales SL, ou Galicia Processing Seafood SA entre outras.

Figura 12
Principais cadeas xeradoras de VEB e Emprego na localidade de Marín, 2010



Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Seguindo co análise económico financeiro das empresas da vila, as seguintes cadeas ás que se debe prestar atención son as relacionadas coa Construcción e Reparación Naval e a súa industria auxiliar, reflectida aquí a través da cadea de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos non metálicos. Así, entre ambas cadeas facturan case o 25% das empresas do municipio, representando a máis do 7% do número de empresas e case o 10% da xeración de Valor Engadido. Ademais a importancia de ambas cadeas tamén se ve reflectida no número de empregados que estas posúen pois supoñen máis do 15% do total de persoas traballando nas empresas marinenses. A este respecto cabe sinalar que como consecuencia da actual crise económica, a principal empresa que operaba neste sector no Concello de Marín (Factoría Naval de Marín SA) viu reducida drasticamente a súa actividade.

Finalmente, cumpre sinalar que outra das cadeas con gran importancia no municipio, como é a Loxística e o Transporte, que acada cifras moi representativas en case todas as variables, debido a existencia do recinto portuario no propio municipio. Así, esta cadea de actividade representa ó 6,39% das empresas domiciliadas en Marín e factura o 12,87% do total dos ingresos das devanditas empresas. A máis, é importante sinalar que segundo os datos rexistrados no SABI, esta cadea é a segunda cun maior número de empregados, tan só por detrás das actividades pesqueiras e de transformados do mar, supoñendo máis do 17% das empresas de Marín. Entre estas empresas destácanse algunhas de gran tradición como poden ser Pérez Torres Marítima SL ou as empresas do grupo Ceferino Nogueira.

Comparando estas cifras, coas cifras do conxunto da economía galega e provincial que se reflicten nas táboas do Anexo I, a economía deste municipio da comarca do Morrazo, diverxe do modelo provincial e autonómico, dada a importancia da cadea asociada ás actividades da Pesca e os produtos transformados do mar, claramente superior en Marín que no conxunto de Pontevedra ou Galicia. Así mesmo, tamén as cadeas de Loxística e Transporte e Construción e Reparación Naval, adquiren unha maior relevancia neste concello. Pola contra cadeas como a de automoción, que sí é importante tanto a nivel provincial como autonómico, perden peso a nivel municipal

En canto ás actividades asociadas ás cadeas de Comercio e distribución non específica e Turismo, Ocio e Relacionados a importancia destas en Marín, está máis ou menos parella á importancia que posúen no conxunto da economía galega e provincial.

Profundando máis nos aspectos analizados na figura anterior, e para comprobar cal é a contribución de Marín á Cadea de Pesca e produtos transformados do mar galega e provincial, na Táboa 6 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Marín representa o 5,75% das empresas da provincia, e consegue representar o 8,10% da facturación do sector en Pontevedra. A nivel autonómico cabe destacar que as cifras de representatividade da localidade marinense tamén son importantes, superando nalgúns casos o 5%


Táboa 6
Importancia da cadea de Pesca e produtos transformados do mar, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VEB (miles €)	Número de Empresas
Marín	330.282€	717	53.343,78€	73
Pontevedra	4.075.726 €	13.615	520.027 €	1.270
Galicia	6.510.773 €	25.636	896.330 €	2.265
Peso de Marín sobre o total de Pontevedra	8,10%	5,27%	10,26%	5,75%
Peso de Marín sobre o total de Galicia	5,07%	2,80%	5,95%	3,22%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Do mesmo xeito tamén é relevante ter en conta que este municipio conta cunha lonxa, na que se facturou durante o ano 2011 unha cantidade que excede os 3.648.504,16 Euros, e na que os principais produtos son os que se amosan na Figura 13, e onde destacan aqueles ligados á pesca fresca e cefalópodos(para comprobar os importes facturados por cada produto ver táboa 2 do Anexo I).

Figura 13
Principais produtos vendidos na lonxa segundo importe, 2011



Fonte: Pesca de Galicia

Por outra banda, analizando os pesos referentes á cadea de Construción e reparación naval, de gran importancia para o Concello de Marín, observase na Táboa 7 como esta importancia se traslada ó conxunto do sector provincial, pois a industria Construción e reparación naval de Marín supón máis do 4% da facturación a nivel provincial. Así mesmo esta cadea marinense é capaz de xerar o 4,19% dos empregos da cadea de Pontevedra. Polo que respecta ás cifras a nivel autonómico, o peso desta industria sobre o conxunto da industria galega é considerable pois rodean e sobrepasan o 3% en practicamente todas as magnitudes analizadas.

Táboa 7
Importancia da cadea de Construción e reparación naval
de Marín sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VEB (miles €)	Número de Empresas
Marín	49.912€	215	3.273€	12
Pontevedra	1.231.246 €	5136	165.273 €	238
Galicia	1.324.192 €	8.265	215.511 €	352
Peso de Marín sobre o total de Pontevedra	4,05%	4,19%	1,98%	5,04%
Peso de Marín sobre o total de Galicia	3,77%	2,60%	1,52%	3,41%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto á cadea de Loxística e transporte, para comprobar cal é a contribución de Marín á mesma, na Táboa 6 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Marín representa preto do 10% da facturación da cadea provincial de Loxística e transporte, e incluso supón máis dun 16% de xeración de valor engadido da mesma na provincia de Pontevedra. Todo isto contando con tan só o 2,19% das empresas da cadea na provincia.

Táboa 8
Importancia da cadea de Loxística e transporte de Marín sobre Galicia, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Marín	98.461€	413	60.285€	28
Pontevedra	999.605€	11.656	361.613€	1.281
Galicia	2.926.605€	32.025	1.240.445€	3.330
Peso de Marín sobre o total de Pontevedra	9,85%	3,54%	16,67%	2,19%
Peso de Marín sobre o total de Galicia	3,36%	1,29%	4,86%	0,84%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto ás explotacións agrícolas rexistradas no Concello de Marín, estas segundo o IGE son 95, se ben cabe destacar que o seu número viuse reducido dende o ano 1999 cando o número de explotacións agrarias acadaba máis de 900. Por outra banda, en canto á superficie

destinada a usos agrícolas en Marín, esta é de 3.598,3 Hectáreas, das cales máis do 45% está dedicado a especies forestais e aproximadamente o 16% a terras arables.

Táboa 9
Distribución da superficie agraria 2011

Usos	Hectáreas	%
Terras arables	603,9	16,78%
Frutais	13,4	0,37%
Asociación viñedo-frutal	0	0,00%
Viñedo	140,7	3,91%
Pasteiro	21,2	0,59%
Pasto con arborado	67,9	1,89%
Pasto arbustivo	423,9	11,78%
Especies Forestais	1690	46,97%
Outros espazos non agrícolas	637,3	17,71%
TOTAL	3.598,3	100,00%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Outra das actividades que pode resultar clave para o municipio de Marín é a vinculada ó Turismo, Ocio e Relacionados, así, segundo o anuario Caja España 2012, Marín conta coa infraestrutura de acollida e recepción de visitantes recollida na Táboa 10, onde se pode apreciar cómo no último ano se mantiveron estables os establecementos dedicados a hospedaxe, salvo o numero de hoteis onde se produciu un descenso, mentres que os de restauración e comidas viron incrementada a súa presenza no conxunto da Infraestrutura turística. Estes establecementos, segundo o IGE, teñen unha capacidade para acoller a máis de 150 persoas.

Táboa 10
Infraestrutura Turística, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Hoteis e Moteis	5	4	-20,0%
Hostais e Pensións	1	1	0%
Fondas e Casas de Hóspedes	1	1	0%
Apartahoteis	0	0	0%
Restaurantes	20	27	35,0%
Cafeterías	6	7	16,7%
Cafés e Bares	152	155	2,0%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Finalmente, en canto á estrutura do comercio no Concello de Marín, segundo o que se observa na táboa Táboa 11, existen un total de 479 establecementos alí situados, de entre os que destacan os que realizan vendas de téxtil e calzado, e aqueles que teñen a súa venda especializada en fogar e bricolaxe e no peixe e derivados da pesca, pois xuntos suman máis dun terzo dos comercios de Marín.

Táboa 11
Estrutura do Comercio, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Froitas, Verduras e Tubérculos	7	8	14,29%
Cárnicos	23	23	0,00%
Peixe e derivados da pesca	49	49	0,00%
Pan, Pastelería e Confitería.	27	20	-25,93%
Alimentos e bebidas en xeral	46	43	-6,52%
Téxtil e calzado	98	86	-12,24%
Farmacia e droguería	21	26	23,81%
Fogar e Bricolaxe	44	51	15,91%
Vehículos e recambios	24	23	-4,17%
Combustibles	5	5	0,00%
Bens usados	1	1	0,00%
Comercio mixto	70	60	-14,29%
Outros comercios	82	84	2,44%
TOTAL	497	479	-3,62%

Fonte: Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

- ***Asociacionismo e cooperación empresarial en Marín:***

Á cooperación é un dos aspectos fundamentais no marco de pequenas empresas predominante no Concello de Marín dado que propicia o incremento das súas capacidades competitivas e mellora a súa eficiencia.

Unha das formas de cooperación empresarial tradicional e máis estendida é a constitución de asociacións empresariais, ben sectoriais ou ben máis xerais. Así, no caso da localidade de Marín, o asociacionismo empresarial predominante é de nivel local. Deste xeito destaca a presenza da Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín que ten como obxectivo principal potenciar o atractivo de zonas comerciais tradicionais, promovendo un comercio máis organizado e máis competitivo. Para conseguir os seus obxectivos, ofrece ós seus asociados servizos tales como :

- **Administración e tramitación.**
- **Asesoramento e información:** asistencia ó asociado informándoo de convocatorias de axudas e subvencións, períodos de pago, normativa, a través da experiencia e información ou, no caso necesario, canalizando a súa demanda hacia a entidade correspondente.
- **Apoio e negociación:** auditar ós asociados como paso fundamental para coñecer as súas necesidades e demandas, e proceder a satisfacelas ben a través de acción concretas ou ben mediante a negociación con outras instancias.

A nivel comarcal existe tamén unha asociación como é a Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), que agrupa a comerciantes do Morrazo coa finalidade de ofrecer unha promoción conxunta en Feiras e Exposicións e a través de publicacións periódicas, ademais de ofertar formación entre os seus asociados. Sectorialmente, existe tamén nesta comarca unha Asociación de Empresarios de Hostalaría.

Finalmente, é importante coñecer o feito de que algunhas das empresas asentadas en Marín, pertencen a agrupacións de tipo clúster, como é caso do Clúster do Naval Galego (ACLUNAGA), ou o Clúster de Loxística e Transporte (CLG) entre outras.

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación .

A presenza de centros de Investigación, Desenvolvemento e Innovación , nunha determinada área ou nun sector de actividade, xera innumerables beneficios de cara ó tecido empresarial dese sector e da propia área de influencia na que se ubica. Entre os principais beneficios, destaca a idea de que impulsa e facilita a transferencia de coñecemento, representa ó sector e á área en foros internacionais e nacionais, e favorece a aplicación e posta en práctica dos desenvolvementos tecnolóxicos no sector do que forma parte, garantindo o “*feedback*”.

Nos arredores de Marín, desenvolven a súa actividade varios centros e organismos de I+D+i. Así, cumpre sinalar os seguintes:

- A estación Fitopatolóxica do Areeiro de Pontevedra e pertencente á Deputación de Pontevedra, que xorde co fin de buscar solución ós problemas fitosanitarios que van xurdindo nos cultivos.
- O Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, dependente da Consellería de Medio rural e do Mar e que se localiza en Pontevedra.
- O Instituto Oceanográfico de Vigo, organismo público de investigación que ten como ámbito principal de estudo o mar e os recursos mariños.
- O Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), fundación de interese galego que busca impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e o sector marítimo – pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+i e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.
- A localización próxima da Universidade de Vigo, que a través dos Campus de Vigo e Pontevedra, cun centro adscrito no propio territorio municipal de Marín, tamén incrementa as posibilidades de transferencia do coñecemento e posibilita e acerca as relacións universidade – empresa a este núcleo de poboación, grazas a presenza de numerosos grupos de investigación e á posibilidade de formación superior especializada.

4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE MARÍN

A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia

Antes de tratar dunha forma explícita as características do emprendemento no Concello de Marín, compre coñecer cáles son as principais **características dos emprendedores e do emprendemento en Galicia**. Así, segundo o Informe GEM Galicia 2010, os emprendedores galegos presentan unha serie de rasgos básicos. Por exemplo, parece evidente que o porcentaxe de homes é maioritario en todas as fases do proceso emprendedor, quedando patente a gran diferenza que existe entre sexos, se ben o número de mulleres que decidiron poñer en marcha unha experiencia deste tipo incrementouse paulatinamente nos últimos anos.

En canto á idade media dos emprendedores galegos, esta incrementouse practicamente en todas as fases do proceso, resultando as cifras que se poden comprobar na **Táboa 12**. Tendo en conta isto, é importante destacar o feito de que a presenza de emprendedores entre 24 e 34 anos é cada vez menor en todas as fases do proceso.

Táboa 12
Idade media do emprendedor segundo a fase do proceso emprendedor, 2010

	Emprendedor Potencial	Emprendedor Nacente	Novo Emprendedor	Emprendedor Incipiente	Emprendedor Consolidado	Emprendedor que abandonou
Idade Media	38	46	38	40	45	42

Fonte: Informe GEM Galicia 2010

Tamén é relevante coñecer o nivel formativo dos emprendedores galegos. Así, entre os emprendedores potenciais destacan aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, seguidos daqueles que tan só posúen estudos obrigatorios e dos que posúen formación universitaria. Por outro lado, unha das habilidades clave que ten que posuír un emprendedor para desenvolver o seu proxecto con éxito é a formación vinculada á creación e xestión empresarial. Sen embargo, e pese a isto, o nivel de formación específica para todo tipo de emprendedores diminúe con respecto ós anos anteriores.

Finalmente, polo que respecta ó entorno preferido polos emprendedores para establecer a súa idea de negocio, é o entorno urbano, en onde o porcentaxe de implantación supera o 80%, diminuindo ademais o número de abandonos neste ámbito. No outro lado da balanza sitúanse as iniciativas desenvoltas no entorno rural onde diminuíron máis dun 50% as iniciativas nacentes e aumentou considerablemente o abandono de iniciativas.

En definitiva, o perfil predominante do emprendedor en Galicia coincide co dun home ó redor dos 41 anos, que reside nun entorno urbano e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre aqueles que posúen estudos de formación profesional.

Centrándose xa nas **características das propias iniciativas emprendedoras en Galicia**, en primeiro lugar farase referencia ó sector xeral no que se sitúan, e é que os servizos orientados ó consumo continúan a ser o sector maioritario, sen embargo, a importancia do seu peso descendeu, sendo o sector dos servizos a empresas o que máis creceu en todas as fases e o sector extractivo o que máis diminuíu a súa presenza. Pola súa parte, o sector transformador reduciu a súa presenza na actividade incipiente, pero pola contra aumentouna nas iniciativas consolidadas.

Si se fala das dimensións das iniciativas, destacan as apostas individuais, reducíndose o número medio de propietarios en todas as fases. En termos de emprego, aumentan as iniciativas que non contan con empregados en todas as fases do proceso, trátase polo tanto de iniciativas orientadas ó autoemprego, que non son xeradas con vocación de crecemento e expansión de emprego.

Outro dato de relevancia que caracteriza ó emprendemento nun territorio, é o nivel de innovación e de uso das novas tecnoloxías. No caso galego, a falta de innovación caracteriza ó 80% das iniciativas, con independencia da etapa do proceso emprendedor na que se atopen. Deste modo, a porcentaxe de iniciativas nacentes que recoñecen certo grao de innovación reduciuse notablemente. Como consecuencia deste feito, os proxectos emprendedores de Galicia, teñen unha presenza nula ou escasa en sectores tecnolóxicos o que vai en detrimento da produtividade das iniciativas galegas e afectan negativamente á súa competitividade. Ademais, a previsión de expansión e internacionalización que presentan as iniciativas que xorden en Galicia é moi reducida, sendo os emprendedores nacentes os que se amosan máis optimistas ó respecto. Pese a isto, outro feito destacable das iniciativas emprendedoras de Galicia e que, exceptuando as iniciativas novas, a porcentaxe de proxectos que teñen o exterior como obxectivo aumentou sensiblemente.

En conclusión, pódese dicir que continúan a ser maioritarias as iniciativas de servizos orientadas ó consumo promovidas por propietarios individuais. A escasa innovación na oferta e a percepción de moita competencia no entorno é outra das conclusións que se extrae do Informe GEM Galicia 2010, onde como aspecto positivo se remarca o feito de que cada vez son máis os emprendedores que ven na internacionalización unha perspectiva de futuro.

B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Marín

Para a realización deste epígrafe recorreuse á información proporcionada por diversas entidades de ámbito local, como o propio Concello de Marín, o GDR Pontevedra – Morrazo ou GAC Ría de Pontevedra. Así, a través destes datos tentarase ofrecer unha visión da situación global do emprendemento nesta vila.

En canto ó propio servizo de Desenvolvemento Local do concello, este conta cunha oficina de emprego e desenvolvemento local que coopera no impulso á posta en marcha de políticas activas de emprego, e conta coas seguintes funcións:

- Observación do territorio, así coma participar na dinamización do eido local, colaborando en campañas de dinamización económica.
- Apoio e información sobre os trámites xurídicos e administrativos para a creación de empresas.
- Información dos programas de axudas específicas o emprego para empresas e emprendedores, así como facilitar o acceso a elas: mulleres, autónomos, discapacitados, Iniciativas locais de emprego, sociedades laborais, cooperativas...
- Información e orientación os interesados de todo tipo de programas de axuda públicos e subvencións.
- Planificación ,deseño e xestión para o ente municipal dos programas e proxectos anuais dinamizadores do territorio e xeradores de emprego :
- Organizar ou colaborar na realización de cursos de formación ou ofrecer información sobre eles para desempregados e traballadores en activo.
- Comunicar ás empresas e emprendedores as subvencións para o emprego, así como facilitar o acceso a elas.

Tendo en conta isto, dende o comezo do 2012 ata a actualidade dende esta oficina asesoráronse un total de 24 proxectos de emprendemento concretos no Concello de Marín, en ámbitos tan dispares como a hostalaría, o comercio polo miúdo, ou a prestación de servizos sociais.

Con respecto ó perfil do usuario deste servizo, extráense as seguintes conclusións principais:

- **A maioría dos emprendedores potencias son mulleres (preto do 60%)**
- **A franxa de idade maioritaria sitúase entre os 25 e os 40 anos.**

- **Os emprendedores potenciais de Marín non posúen estudos de Formación Profesional ou universitarios.**
- **Hostalaría e comercio ó por menor son os negocios máis recurrentes.**

Se comparamos estes datos cos ofrecidos no parágrafo anterior a nivel de Galicia, obsérvase que o perfil do emprendedor galego e marinense é diferente, posto que no tocante ó sexo, por exemplo, no conxunto da comunidade autónoma son os homes os que maioritariamente deciden por en marcha un negocio propio, en Marín son as mulleres quen toman a iniciativa. Por outro lado, segundo o estudo levado a cabo polo equipo de GEM Galicia, os emprendedores galegos posúen formación universitaria ou de Formación Profesional, cousa que non ocorre neste concello do Morrazo, onde os emprendedores potenciais non posúen estudos deste tipo.

Esta última característica dos emprendedores de Marín pode ser a causa principal da proliferación de negocios en sectores tradicionais e con escasa innovación. Así mesmo, e dada as necesidades de formación deste tipo de emprendedores, detéctanse carencias básicas no coñecemento básico de técnicas de xestión empresarial e da propia carteira de clientes potenciais, a máis do descoñecemento das figuras legais e dos procesos administrativos.

Outra das tarefas desta oficina de emprego e desenvolvemento local é a dinamización e potenciación dos recursos infrautilizados, labor a través da que é posible detectar posibles nichos de emprego na zona, que segundo o expresado dende a oficina de Desenvolvemento Local do Concello, neste caso estaría relacionadas co turismo náutico e pesqueiro ou co turismo de natureza, actividades que se entende que non están a ser o suficientemente aproveitadas polos emprendedores locais. Así mesmo, nesta mesma liña, tamén se considera que Marín debe apostar por un comercio de proximidade de calidade, que o singularice respecto a outras ofertas comerciais próximas.

Así mesmo, dende as Administracións Públicas con competencia no territorio local de Marín, estanse a pór en marcha unha serie de proxectos que pretenden impulsar tanto o emprendemento como a empregabilidade dos marinenses. Así, materializáronse os seguintes proxectos:

- **Programas de cooperación coas entidades locais:** Contratación temporal de traballadores desempregados, distribuídos en obras e servizos de interese social e man de obra para levar a cabo proxectos en todo o Concello que repercutan na comunidade en xeral. Polo que respecta ós colectivos ós que se dirixe esta iniciativa,

estes son os de maior índice de desocupación no municipio (xoves, mulleres e parados de longa duración).

- **Obradoiros de emprego:** Iniciativas mixtas de formación e emprego que beneficiaría a desempregados ademais de ó persoal docente e de apoio para a realización de traballos, acadando unha experiencia laboral e formativa que lles sexa útil para a súa inserción no mercado laboral.
- **Outros programas de fomento do emprego:** cos organismos provinciais, e tamén coa Xunta de Galicia, en relación coa orientación laboral, a formación de desempregados, o Plan de Emprego Municipal (PEM).

A parte de esta información de carácter xeral sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Tui, é fundamental destacar a labor que exercen determinados organismos de carácter comarcal de cara ó fomento do emprego e o emprendemento na comarca. Así, o Concello de Marín é membro do o GDR 19 - Pontevedra-Morrazo, encargado de xestionar as axudas do Leader, e o GAC 6 Ría de Pontevedra, encargado de levar a cabo tarefas de desenvolvemento do sector pesqueiro, a estimulación da innovación e unha diversificación para os profesionais do mar, buscando a continuidade e estabilidade sostible.

5. SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE MARÍN

A. Síntese das entrevistas realizadas

Trala realización das entrevistas correspondentes no Concello de Marín, seguindo tanto a temática orientativa amosada na Figura 2 e que se reflicte na introdución deste documento, como a estrutura presentada nas entrevistas que se recollen nos anexos a este documento, pódense extraer unha serie de conclusións derivadas das opinións dos axentes entrevistados, sobre as potencialidades e as posibilidades de emprendemento neste concello da comarca do Morrazo.

Así, en primeiro lugar, polo que respecta ás **potencialidades detectadas** polos axentes entrevistados, tanto dende o punto de vista da Administración Local, como dende a visión dos emprendedores, a principal baza coa que conta este concello é o seu enclave ou emprazamento xeográfico, derivado da súa situación nas Rías Baixas a menos de 45 dos puntos máis extremos destas rías, da proximidade a grandes núcleos de poboación e sobre todo da súa condición de localidade veciña ó Concello de Pontevedra, feito que atrae tanto á poboación como a emprendedores que escollen Marín como consecuencia de contar cuns prezos máis competitivos que o municipio de Pontevedra. A máis, a proximidade da capital da provincia fai posible que en Marín se instalen actividades que complementen as existentes en Pontevedra, como podería ser o caso das empresas de loxística ou distribución. Así mesmo, esta circunstancia segundo o expresado durante as entrevistas debe ser observada con certa cautela, pois se ben é certo que a proximidade á capital da provincia pode beneficiar a este municipio do Morrazo, tamén pode considerarse unha ameaza, pois pode ocorrer que *“Marín perda vida propia e dependa excesivamente dos servizos ofertados en Pontevedra”*, producíndose unha fuga masiva de negocios cara aló.

A maiores do emprazamento xeográfico outra das potencialidades detectadas durante as entrevistas sería o contar cunhas excelentes infraestruturas de comunicación, que unen Marín co resto de Galicia e do país, a máis de contar cun porto de interese estatal dentro dos seus límites, que constitúe un importante foco de actividade empresarial e xera numerosas oportunidades de negocio. Neste senso os axentes entrevistados tamén consideran que a presenza da Escola Naval Militar debe ser considerada como unha potencialidade deste Concello, xa que esta é susceptible de atraer á poboación e a visitantes.

Outro dos puntos fortes ou potencialidades que podería presentar Marín á hora de iniciar unha nova actividade empresarial, sería a súa gran tradición mariñeira e a cultura

arraigada ó mar, se ben opínase que *“se debe tratar de modernizar esta actividade, actualizándoa e diversificándoa, indo máis aló do tradicional e ofrecendo produtos integrais”*. Nesta liña xiran tamén as potencialidades vinculadas ó sector turístico, pois segundo o mencionado *“Marín conta con importantes praias e espazos verdes, o que lle outorga un importante potencial para a actividade turística, que aínda está por desenvolver neste concello”*.

Finalmente, ó longo de todas as entrevistas realizadas, sinalouse que non se debe esquecer que o municipio de Marín conta cunha das poboacións máis xoves de toda a provincia e incluso da Comunidade Autónoma, o que debería ser visto como una potencialidade de cara a apertura de negocios centrados no público infantil ou xuvenil.

Continuando coas **iniciativas ou oportunidades de negocio concretas identificadas** ó longo das entrevistas realizadas, e moi en liña con todo o dito ata o momento, a maioría das ideas xurdiron en torno ó mar e ás actividades portuarias. Así, por exemplo sinalouse a posibilidade da creación de empresas intermediarias, que a través do porto poidan comercializar con mercancías recibidas, é dicir, *“empresas centradas na loxística de distribución que aproveitando o porto poidan contribuír a internacionalización das empresas locais, a través da realización de estudos de mercado e de proxectos de internacionalización e comercio exterior, factor que contribuírá positivamente o aumento da súa competitividade, e á xeración de riqueza na zona”*.

Tamén moi ligado ó mar, comentouse a necesidade de realizar un *“aproveitamento integral dos recursos mariños, á vez que se potencian e revalorizan as especies tradicionais e se presta atención ós novos produtos que están comezando a ter o seu oco nos mercados”*, así por exemplo sinalouse a posibilidade de crear empresas dedicadas ó cultivo e explotación de algas. Por outro lado e máis vinculado ás actividades de ocio, e partindo do feito de que Marín conta cun pequeno porto deportivo no lugar de Seixo, segundo o aportado *“deberíase comezar a explotar as actividades de náutica recreativa, que noutros lugares da provincia están a constituír unha importante fonte de ingresos”*, para o cal sería necesario abrir o porto a novos socios e dalo a coñecer entre os veciños e os visitantes.

Moi relacionado con esta última oportunidade de negocio atoparíase a idea de desenvolver actividade turística no municipio, pois actualmente esta é apenas inexistente. Así, os axentes entrevistados manteñen que o primeiro paso sería a *“ampliación da infraestrutura turística, que permita a Marín converterse en sede de eventos e acontecementos deportivos, culturais ou lúdicos a nivel nacional e internacional”*. Paralelamente a oferta de actividades complementarias ó turismo como o sendeirismo, o ecoturismo, turismo mariñeiro ou de

aventuras, sería un importante complemento para poder ofrecer un produto turístico de calidade e diferenciado dos seus competidores máis próximos. Neste mesmo senso, e segundo o comentado, xira a *“necesidade de que as empresas do sector da restauración innoven tanto no produto, como na atención ó cliente, especializándose na calidade”* mediante por exemplo a cociña en directo ou a explicación ós clientes das peculiaridades e características dos produtos da zona.

No que atinxe á actividade comercial, durante as entrevistas sinalouse, que se precisa de forma urxente reactivar o comercio de Marín, que na actualidade está perdendo a súa forza tradicional fronte o comercio da cidade pontevedresa. Así indicouse que se precisa do *“emprendemento urbano que dea servizo ás principais necesidades das familias, revitalizando e potenciando o valor dos mercados tradicionais e identificando os nichos de mercado baleiros nos que aínda non existe oferta na zona”*, como podería ser o comercio de produtos alimenticios para persoas con alerxias (glute, ovo, lactosa..etc). Pese a isto, segundo os propios axentes, o máis importante é que a base sobre a que se asente o comercio de Marín, debe ser a dun *“comercio dinámico, cunha oferta innovadora e personalizada, centrada na atención ó cliente, con produtos de calidade”*.

Noutra banda, e tendo en conta o índice de natalidade e a alta taxa de poboación infantil que existe neste concello, outra das oportunidades de negocio que poden ter éxito en Marín, sería a oferta lúdica para nenos, de tal xeito que lles permita compatibilizar o seu ocio coas actividades dos seus proxenitores, así por exemplo sinalouse que sería interesante a creación de cafeterías ou locais de ocio, nos que existise un espazo habilitado para o público infantil. Por outro lado tamén se identifica como unha boa oportunidade de negocio relacionada co benestar e a calidade de vida, a prestación de servizos á terceira idade.

Centrándose xa nos **facilitadores ó emprendemento**, detectados polos axentes entrevistados neste concello do Morrazo, destácase o feito de que emprender un negocio propio contribúe a *“mellorar a propia motivación persoal”*, ademais no actual contexto económico o *“quedar sen un emprego estable obriga a moitas persoas a plantexarse o emprendemento como un medio de vida posible”*. Así mesmo, dende o ámbito privado, sinalan como elemento de empuxe ou potenciador do emprendemento, a máis do apoio recibido por parte do Concello, que *“proporciona información útil e apoia ós emprendedores á hora de levar a cabo os trámites administrativos”*, a posibilidade de capitalizar a prestación por desemprego, que na actualidade constitúe unha boa solución á falta de financiamento por parte das entidades de crédito.

Pese a todo isto, no apartado dedicado a identificar **barreiras para o xurdimento e o éxito das iniciativas emprendedoras** manifestouse que no contexto actual , o principal problema co que se están a atopar os emprendedores potencias é a busca de fontes de financiamento, destacando tamén a percepción de que se precisa dunha importante dinamización da Administración Pública, posto que o exceso de tramitación e a lentitude dos trámites, unido á descordinación entre organismos, tamén é vista como outra importante barreira ó emprendemento, á vez que se sinala que a sensación dunha Administración alonxada dos intereses dos cidadáns pode facer desistir a moitos emprendedores antes de comezar a súa andaina profesional.

Outras dificultades para o acceso ó emprendemento identificadas no concello marinense, terían que ver coa escasa formación dos emprendedores en materia de xestión empresarial, o que segundo as propias palabras dos entrevistados *“provoca unha mentalidade moi pechada á asunción de riscos e con medo ós cambios”*, e consecuentemente deriva *“nunha escasa innovación nas ideas de negocio, tendendo sempre a actividades de corte tradicional”*.

Por outra banda, segundo se sinalou ó longo das entrevistas realizadas, un dos principais impedimentos ó xurdimento de novas iniciativas empresarias no propio concello de María, sería o non contar cun polígono ou parque industrial propio, que sexa capaz de aglutinar e atraer ó novo emprendemento. Deste xeito, considérase como moi positivo o feito de que existan proxectos para a creación deste tipo de solo nun horizonte temporal próximo.

Neste contexto, todos os axentes consultados mediante esta iniciativa, consideran que o **apoio da Administración Pública Local e Provincial** ó emprendemento e ó emprego é fundamental, facilitando a labor do novo emprendedor, e proporcionando formación empresarial. Polo que atinxe á **Administración Pública Provincial**, segundo o exposto polos axentes entrevistados, esta debería actuar como un organismo que de xeito obxectivo coordine ós demais entes con competencias en materia de emprego e emprendemento. Así mesmo sería importante, segundo o expresado, que dende a Administración Provincial se tentase liderar a posta en marcha de proxectos neste eido nos que participasen varios concellos da provincia, á vez que se debería continuar apoiando a formación dos emprendedores, desempregados e traballadores.

Neste senso é importante destacar o feito de que os emprendedores entrevistados inciden na importancia de contar cunha Administración máis áxil e flexible, que reduza a burocracia e limite os tempos de espera, e que proporcione apoio ás empresas á hora da realización dos trámites iniciais e na comprensión da propia documentación administrativa, sendo de moita utilidade o contar co apoio dunha **Administración Local** próxima e

preocupada, onde se proporcione asesoramento multidisciplinar e se colabore cos emprendedores á hora de darse a coñecer e buscar a mellor ubicación para os seus negocios dentro do propio concello.

Finalmente, e a modo de conclusión, resaltar a idea expresada durante todas as entrevistas realizadas neste Concello, de que é preciso “ *que as empresas locais se abran a internacionalización e a innovación evitando quedarse estancado nun modelo de negocio que non admita cambios, o que paralelamente esixe persoas dinámicas, dispostas e capaces a sobrepoñerse ás circunstancias, sen medo á asunción de riscos*”.

B. Cadro resumo

CÓMO PODEN AXUDAR AS ADMINISTRACIÓNS?

- Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego.
- Flexibilización e axilización de trámites burocráticos á hora de crear unha empresa, reducindo os tempos de espera.
- Ofrecer asesoramento a emprendedores a través dun equipo multidisciplinal, a nivel supramunicipal.
- Apoio á formación de calidade de empresarios e emprendedores que propicie o dinamismo e lles outorgue unhas capacidades básicas en materia de xestión empresarial, estudos de mercado e atención ó cliente.
- Proxectos colaborativos entre municipios da provincia, liderados pola Deputación de Pontevedra.
- Apoio ós emprendedores para dar a coñecer ós seus negocios entre o público obxectivo e asesoramento para escoller as mellores ubicacións.
- Formación en internacionalización específica para as Pemes, facilitando ó acceso á persoal especializado.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO

En Xeral:

- Apertura á internacionalización e innovación, evitando quedarse estancado nun modelo de negocio que non admita cambios.
- Persoas dinámicas dispostas e capaces de sobrepoñerse ás circunstancias, sen medo a asumir riscos.

En concreto:

- **Agro - Alimentación:** Producións ecolóxicas e artesanais.
- **Mar:** Aproveitamento integral dos recursos mariños, valorización de especies tradicionais, cultivo de algas...etc.
- **Loxística e distribución:** empresas de loxística de distribución vinculadas ó porto, intermediarios de comercio, elaboración de estudos de mercado e proxectos de internacionalización.
- **Náutica- Recreativa:** actividades de ocio náuticas e deportivas.
- **Turismo:** Creación de infraestrutura de acollida e empresas relacionadas co turismo mariñeiro, ecoturismo, de aventura, deportivo ou cultural entre outros.
- **Restauración:** Innovación no produto, oferta especializada e asesoramento ó cliente, cociña en directo.
- **Comercio:** comercio innovador no produto e no servizo, comercio urbano que dea servizo ás necesidades das familias, revalorización dos mercados tradicionais, produtos alimentarios específicos, comercio electrónico.
- **Benestar e calidade de vida:** Empresas que permitan compatibilizar o ocio dos cativos co dos seus proxenitores, servizos á terceira idade.

ANEXOS

I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Marín

Táboa 1

Evolución do número de empresas segundo estrato de asalariados 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
sen asalariados	809	839	846	839	810
de 1 a 2 asalariados	324	302	308	316	318
de 3 a 5 asalariados	125	144	147	149	131
de 6 a 9 asalariados	53	55	59	52	51
de 10 a 19 asalariados	38	39	41	35	27
de 20 a 49 asalariados	22	22	18	19	13
de 50 a 99 asalariados	7	5	8	9	7
de 100 a 249 asalariados	4	4	4	1	3
de 250 ou máis asalariados	0	0	0	0	0
TOTAL	1.382	1.410	1.431	1.420	1.360

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Táboa 2

Principais produtos vendidos na lonxa segundo importe 2012

Descrición	Quilos	Importe €
Pota pequena	165139,25	473.431 €
Xuliana	52209,86	406.094 €
Pescada	127147,46	347.035 €
Rapantes	65253,5	331.553 €
Polbo cabezón	108495,3	233.125 €
Escarapote de pedra	52144,5	216.984 €
Faneca	91712,15	159.766 €
Escachos	58012,6	131.239 €
Cigala	3712	124.406 €
Xurelo	118117,25	121.835 €
Linguado	8135,45	120.397 €

Fonte: Pesca de Galicia

Táboa 3
Principais magnitudes económicas das empresas de Marín 2010¹

Cadena ²	Facturación	% Facturación	Empleados	% Empleados	Valor Agregado	% Valor Agregado	Número Empresas	% Empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	330.282,11	43,17%	717,00	29,88%	53.343,78	30,90%	73	16,67%
02 Forestal y productos Transformados de la madera	735,88	0,10%	14,00	0,58%	156,73	0,09%	13	2,97%
03 Agricultura Ganadería y sus Transformados	50.226,16	6,56%	104,00	4,33%	2.921,27	1,69%	14	3,20%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	205,80	0,03%	3,00	0,13%	63,68	0,04%	1	0,23%
05 Automoción	3.240,70	0,42%	53,00	2,21%	1.170,88	0,68%	15	3,42%
06 Construcción y Reparación Naval	49.912,62	6,52%	215,00	8,96%	3.273,31	1,90%	12	2,74%
07 Química-Farmacéutica	1.877,05	0,25%	39,00	1,63%	1.018,59	0,59%	5	1,14%
08 Téxtil-Confección-Moda y Complementos	1.287,59	0,17%	16,00	0,67%	283,77	0,16%	11	2,51%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	28.486,57	3,72%	250,00	10,42%	14.688,21	8,51%	133	30,37%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	3.111,82	0,41%	56,00	2,33%	1.161,93	0,67%	35	7,99%
11 Información, Cultura y Audiovisual	2.662,49	0,35%	1,00	0,04%	-1,24	0,00%	4	0,91%
12 Comercio y Distribución no específicos	53.724,08	7,02%	260,00	10,83%	8.532,25	4,94%	29	6,62%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	132.369,56	17,30%	162,00	6,75%	13.330,16	7,72%	22	5,02%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	453,64	0,06%	9,00	0,38%	212,95	0,12%	6	1,37%
16 Energía	2.956,80	0,39%	7,00	0,29%	306,96	0,18%	2	0,46%
17 Logística Y Transporte	98.461,79	12,87%	413,00	17,21%	60.285,41	34,93%	28	6,39%
18 Servicios Financieros	710,17	0,09%	10,00	0,42%	-1.731,09	-1,00%	12	2,74%
19 Educación y Salud	959,71	0,13%	29,00	1,21%	598,72	0,35%	13	2,97%
20 Otras actividades en general	3.418,05	0,45%	42,00	1,75%	12.990,77	7,53%	10	2,28%
Total general	765.082,60	100,00%	2.400,00	100,00%	172.607,02	100,00%	438	100,00%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

¹ Só se inclúen as empresas domiciliadas na localidade de Marín con obriga de presentar as súas contas.

² A metodoloxía de cadeas empresariais contempla na mesma as actividades relacionadas coa produción/extracción, a transformación e a comercialización específica, conformado o comercio NON específico unha cadea diferente. Así por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura.

Táboa 4
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Galicia segundo cadea, 2010

Cadena	Facturación	Empleados	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	8,26%	4,51%	4,63%	2,86%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	2,71%	3,89%	3,11%	3,54%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	7,58%	6,12%	5,10%	5,81%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,68%	1,33%	1,06%	0,88%
05 Automoción	12,31%	6,65%	7,62%	3,82%
06 Construcción y Reparación Naval	1,68%	1,45%	1,11%	0,44%
07 Química-Farmacéutica	2,89%	1,87%	2,12%	1,24%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	15,15%	9,16%	16,17%	3,42%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	18,09%	22,03%	20,15%	34,14%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,96%	4,89%	3,03%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	1,10%	2,22%	1,51%	3,23%
12 Comercio y Distribución no Específicos	8,24%	7,53%	5,00%	7,73%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	7,67%	6,75%	6,57%	4,56%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	1,06%	2,16%	1,88%	1,47%
15 Medioambiente	0,15%	0,24%	0,24%	0,20%
16 Energía	2,33%	0,97%	3,87%	2,40%
17 Logística y Transporte	3,71%	5,63%	6,41%	4,20%
18 Servicios Financieros	1,58%	1,57%	3,88%	3,84%
19 Educación y Salud	1,43%	4,30%	3,18%	3,57%
20 Otras Actividades en General	1,40%	6,64%	3,30%	5,47%
AAPP	0,02%	0,08%	0,05%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Táboa 5
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Pontevedra segundo cadea, 2010

Cadea	Facturación	Empleos	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	14,17%	6,41%	8,18%	4,07%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	1,27%	2,86%	1,69%	3,26%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	5,45%	5,73%	4,17%	5,09%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,92%	1,42%	1,19%	1,06%
05 Automoción	26,54%	11,83%	17,57%	3,84%
06 Construcción y Reparación Naval	4,28%	2,42%	2,60%	0,76%
07 Química-Farmacéutica	2,92%	2,52%	3,35%	1,26%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	1,81%	3,26%	1,99%	3,32%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	16,68%	21,64%	21,06%	34,05%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,92%	4,44%	3,10%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	0,96%	1,89%	1,46%	3,03%
12 Comercio y Distribución no Específicos	7,16%	6,81%	5,05%	8,13%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	6,38%	7,43%	7,58%	5,00%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	0,52%	1,58%	0,81%	1,39%
15 Medioambiente	0,13%	0,21%	0,19%	0,19%
16 Energía	1,24%	0,72%	1,15%	1,68%
17 Logística y Transporte	3,47%	5,49%	5,69%	4,11%
18 Servicios Financieros	1,29%	1,59%	5,20%	3,74%
19 Educación y Salud	1,67%	5,40%	4,44%	3,37%
20 Otras Actividades en General	1,20%	6,29%	3,49%	5,48%
AAPP	0,02%	0,07%	0,04%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

II. Temática orientativa das entrevistas realizadas:

- *Entrevista ós axentes da Administración Pública Local*

1. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras ou actividades innovadoras.
2. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para a innovación ou o emprendemento.
3. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
4. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
5. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
6. Existen apoios suficientes e infraestruturas para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
7. Iniciativas postas en marcha recentemente ou previstas para o estímulo e potenciación a curto prazo do emprendemento, a innovación e o emprego.
8. Recursos cos que conta a Administración Local para o apoio ó emprendemento.
9. Ideas sobre cómo pode a Administración Pública Local incentivar o xurdimento de iniciativas deste tipo.
10. O papel da Deputación de Pontevedra en materia de potenciación e impulso ó emprendemento e á innovación empresarial.

- ***Entrevista ós axentes empresariais e emprendedores***

1. Características da actividade empresarial que desempeñan.
2. A propia experiencia emprendedora: motivos que o levaron a emprender, pasos ou fases seguidas ata a consolidación, dificultades e beneficios de emprender.
3. Axudas, apoio ou asesoramento recibido por vostede á hora de poñer en marcha o seu propio negocio.
4. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área xeográfica (concello/comarca) para a posta en marcha de iniciativas deste tipo.
5. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para o emprendemento na área xeográfica.
6. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
7. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
8. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
9. Existen apoios suficientes e infraestructuras na área para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
10. Cómo pode a Administración Pública Local e Provincial contribuir a apoiar e incrementar as iniciativas emprendedoras de éxito?

ENTREVISTADORES:

Grupo de Investigación G4plus (Universidade de Vigo)

- **Pedro Figueroa Dorrego:** Director do Grupo de Investigación G4plus. Profesor do Departamento de Organización de Empresas e Márketing.
- **Ana Otero Lima:** Coordinación Técnica. Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional.